



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Aprobación definitiva e texto completo do Regulamento e manual de identidade visual corporativa do Concello de Negreira

ANUNCIO

Efectuada a aprobación definitiva tácita, ó non terse presentado reclamacións, ao Regulamento e Manual de identidade visual Corporativa do Concello de Negreira, a continuación publícase o texto íntegro do mesmo en cumprimento do disposto polo artigo 70.2.º da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DE IDENTIDADE VISUAL CORPORATIVA

Artigo 1.-OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1. O obxecto deste regulamento é aprobar a identidade corporativa institucional do Concello de Negreira e regular o seu uso así como a aprobación e regulación do Manual de Identidade Corporativa deste Concello de Negreira.

2. Todos os departamentos ou unidades que conforman o Concello de Negreira axustaranse ao previsto neste regulamento no concernente a:

- Á elaboración e emisión de documentos, modelos normalizados e material impreso.
- Ás informacións, publicacións, comunicacións ou calquera tipo de expresión en todo tipo de soportes, incluídos os telemáticos e audiovisuais, así como os carteis ou sinalizacións que se elaboren ou utilicen.

Artigo 2.-ELEMENTOS BÁSICOS DA IDENTIDADE CORPORATIVA.

1. Os elementos básicos da imaxe corporativa institucional do Concello de Negreira son:

- O escudo heráldico do Concello de Negreira.
- A marca do Concello de Negreira, constituída polo símbolo e polo logotipo corporativos.

2. O escudo heráldico do Concello de Negreira é o tradicionalmente recoñecido como tal, traendo en campo de sabre, ponte de prata, rota na súa parte central, sobre ondas de prata e azur, sumado a destra de cruz latina, de ouro, e a sinistra de guerreiro romano, armado de prata e empuñando espada do mesmo; en xefe, estrela con cola radiante, de ouro; o timbre, coroa real pechada.

3. A marca abrangue a unión do símbolo e o logotipo, coa composición, disposición e tipografías contidas no Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira.

O símbolo é a representación gráfica do escudo, elemento esencial da identidade do Concello de Negreira, tal e como se recolle no Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira.

Pola súa banda, o logotipo é a expresión escrita do nome do Concello, que irá sempre composto coa tipografía Myriad Pro Regular.

4. Para as distintas manifestacións nas que se plasma a actividade do Concello de Negreira poderá engadirse a expresión tipográfica do nome das áreas ou dos distintos servizos municipais, respectando en todo caso a composición, disposición e tipografías contidas no Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira.

Artigo 3.-RÉXIME DE USO DOS ELEMENTOS BÁSICOS DE IDENTIDADE.

1. O uso da imaxe corporativa institucional do Concello de Negreira é privativo do Concello, e queda prohibida a súa utilización, agás o seu consentimento expreso.

Quedan exceptuadas do requirimento de consentimento previo as entidades beneficiarias das subvencións municipais, debido a que estas deben establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis, fotografías e demais material publicitario que editen con motivo do programa ou das actividades subvencionadas, mención expresa do patrocinio do Concello de Negreira, facendo uso dos elementos a imaxe corporativa municipal recollidos no Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira.

2. A imaxe corporativa institucional deberá figurar en todos os documentos administrativos e comunicacións de tipo xeral, ben sexa en formato físico ou dixital, expedidos por cada unha das áreas ou servizos municipais.

Para iso, farase uso da marca do Concello, consonte ás determinacións sobre composición, disposición e tipografías recollidas no Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira.

3. De cara a uniformizar a imaxe corporativa do Concello de Negreira, o uso do escudo heráldico oficial ficará reducido a elementos concretos nos que, polo seu valor patrimonial ou cultural, sexa máis oportuno o seu uso.

Artigo 4.-PAPELERÍA E PUBLICACIÓNS.

1. Os materiais de papelería e as publicacións do Concello de Negreira deberán empregar a marca da imaxe corporativa institucional.

2. Nas expresións, informacións e comunicacións que se elaboren en soportes audiovisuais ou dixitais, necesariamente deberá figurar, así mesmo, a marca da imaxe corporativa institucional.

Artigo 5.-PUBLICIDADE INSTITUCIONAL.

1. Nos folletos de información ou divulgación, en calquera soporte, así como nos anuncios institucionais en prensa, deberá figurar a marca da imaxe corporativa institucional.

2. Os edificios de titularidade municipal, tanto no exterior como no interior, as actuacións de infraestruturas, as vías municipais ou a sinalización de lugares, deberán empregar a marca da imaxe corporativa institucional, sen prexuízo do previsto no punto 3 do artigo 3.º.

Artigo 6.-VEHÍCULOS.

Nos vehículos adscritos aos servizos municipais deberá figurar a marca da imaxe corporativa institucional.

Artigo 7.-UNIFORMES, ARTIGOS DE PROMOCIÓN E OUTROS SOPORTES.

A indumentaria laboral do persoal municipal, así como os artigos de promoción e outros soportes que empregue o Concello de Negreira, deberán estar identificados cos elementos da marca da imaxe corporativa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

De cara a aplicar o indicado neste regulamento e xestionar unha imaxe corporativa única, farase uso do Manual de Identidade Corporativa do Concello de Negreira, para consultar como se aplican os seus diferentes elementos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

1. Seguiranse utilizando, até se esgotaren, as existencias de material impreso anteriores á entrada en vigor do presente regulamento.

2. Con independencia do establecido na liña anterior, a imaxe corporativa institucional recollida neste regulamento empregárase sempre que se proceda á adquisición, reposición ou reedición de todo elemento que deba exhibila.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez transcorridos quince días hábiles a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Negreira, 11 de outubro de 2021.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

VERSIÓN GALEGO



MARCA CONCELLO DE NEGREIRA

MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA

Este manual de identidade corporativa recolle os elementos básicos para o correcto uso da identidade visual do Concello de Negreira.

Establece as pautas de construción, o uso de tipografías e a aplicación cromática da marca.

Foi creado pensando nas necesidades de todas aquelas persoas responsables de interpretar, articular, comunicar e aplicar a marca nos seus diferentes ámbitos.

O correcto e consistente uso da marca contribuirá a conseguir os obxectivos de identificación e reforzo desta.

ÍNDICE

MARCA CONCELLO DE NEGREIRA

Versións correctas	1
Versión principal e alternativa	
Composición do imagotipo	2
VERSIÓN PRINCIPAL	
Proporción	
Tipografía	
Color	
Composición do imagotipo	3
VERSIÓN ALTERNATIVA	
Proporción	
Tipografía	
Color	
Usos incorrectos	4
Aplicación sobre fotografía	5

VERSIÓNS CORRECTAS

Versión principal

Versión alternativa



Versión principal negativo

Versión alternativa negativo



VERSIÓN PRINCIPAL (VERTICAL)



Composición do Imagotipo

Símbolo (versión do escudo sintetizada) acompañado do texto.

Proporción do texto e imaxe

Medida do ancho do texto "Concello de" igual ao ancho dos límites externos do símbolo.

Tipografía corporativa no logo

Myriad Pro Regular
Myriad Pro Bold

Gill Sans?

Color

Código Pantone
Pantone Process Black C

Cuatricromía

C: 0
M: 0
Y: 0
K: 100

RGB

Red: 0
Green: 0
Blue: 0

Color Hexadecimal

#000000



Área de reserva

Non debe ser invadida por outros elementos.
A distancia referencial será a altura do texto.

Débese reservar nas catro marxes do imagotipo.

VERSIÓN ALTERNATIVA (HORIZONTAL)



Composición do Imagotipo

Símbolo na marxe esquerda acompañado á súa dereita do texto en maiúsculas.

Versión alternativa para aplicacións que debido ás proporcións do espazo requiran a súa aplicación para unha mellor lexibilidade.

Tipografía corporativa no logo

Myriad Pro Regular
Myriad Pro Bold

Color

Código Pantone
Pantone Process Black C

Cuatricromía
C: 0
M: 0
Y: 0
K: 100

RGB
Red: 0
Green: 0
Blue: 0

Color Hexadecimal
#000000



Área de reserva

Non debe ser invadida por outros elementos.
A distancia referencial será a altura do texto.

Débese reservar nas catro marxes do logotipo.



USOS INCORRECTOS

		<p>O símbolo non se poderá variar, cambiar de sitio ou redimensionar. A versión vertical e a versión horizontal son as únicas dúas variacións da marca permitidas.</p>
		<p>A relación de tamaños, proporcións, as separacións e a colocación dos elementos que compoñen a marca non debe variar en ningún caso.</p>
		<p>Non se pode variar a familia tipográfica, o estilo ou o interletrado de ningún dos elementos que forman a marca.</p>
		<p>Non se poderán variar as cores. O símbolo e o logotipo deben ir na mesma cor.</p> <p>Marca en negro para fondo branco, de color clara ou fotografía con dominante clara.</p> <p>Marca en branco sobre fondo negro, color escura ou fotografía con dominante escura.</p> <p>A EXCEPCIÓN NO USO DA COLOR CORPORATIVA ESTARÁ PERMITIDA UNICAMENTE EN APLICACIÓNS OU COMPOSICIÓNS TEMÁTICAS SUXEITAS Á APROBACIÓN PREVIA DO RESPONSABLE DA MARCA.</p>

APLICACIÓN SOBRE FOTOGRAFÍA

